Ourense primeiro do xaneiro do 57.

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero.

Meu querido e lembrado amigo: Escribo a primeira carta do 57 na vella casa da rúa ourensán da Paz, onde nacín, acoroado ca miña nai no leito e non lonxe da miña esposa tamén hoxe deitada por un catarro. O tempo ourensán semella-me rexistrado por un tremendo relox. Todo Ourense - e ista casa, e o Espolón, e a catedral - está poboado de ecos. E teño medo dos que como bandos de paxaros de diversas castes, érguen meus pasos. Por o que prefiro estar na casa. Ourense parés por unha tempada ceibado da néboa que nos pantasgorizaba. Subo a Trasalba cada tres ou catro días. Alí - e tamén en Sant Yago - síntome menos angueirosamente apreixado a vida.. Recibín suas letras. Graciñas. Debín de escribirte dinantes. Teño verdadeiros estaxes de cartas riba da mesa. Os amigos estamos cheos de ledicia sabendo que Carballo Calero compón unha historia da nosa literatura galega. Ha ser cousa ben alicerzada e sens outros cuantos non han inspirare desconfianza as unhas rapazadas de intuición. Desexo moito dar unha volta por isa cravidade, entre dórica e de tal- bas románicas lu-piera. Mais non sei cando. Agora non podo viaxar como dinantes. O martes val- ra non podo viaxar como dinantes. Farei ó Rua Nova de Compostela e suas lonxas tombales de lembranzas miñas, e os meus viaxes hebdomadarios. Que teñan Vdes, sua dona - b. s. h. - as ledas e serenamente intelixentes nenas, Vde o pro- re amigo, un bó ano de paz e as nobres ledicias que nos teñ Vde afeitos. Saudos pra todos de Tita.

Sempre o vello amigo e admirador

Ramón Otero Pedrayo

AC
112 1156-1